

**PROXECTO
LINGÜÍSTICO DE
CENTRO
(2024/2028)**

**CEIP PLURILINGÜE ROSALÍA DE CASTRO
CARRIL
VILAGARCÍA DE AROUSA**

ÍNDICE

1. INTRODUCCIÓN	2
2. MARCO LEGAL.....	2
3. O CONTEXTO SOCIOLINGÜÍSTICO	2
4. OBXECTIVOS.....	5
5. ACTIVIDADES	6
6. RECURSOS HUMANOS E MATERIAIS.....	8
7. LINGUAS QUE SE DEBEN EMPREGAR NAS ÁREAS	8
8. LINGUAS QUE SE DEBEN EMPREGAR NAS PROGRAMACIÓNS.....	12
9. MEDIDAS DE APOIO E REFORZO PARA O CORRECTO USO LINGÜÍSTICO E PARA O ALUMNADO CON INSUFICIENTE DOMINIO DAS LINGUAS	13
10. AVALIACIÓN.....	13
11. ANEXOS.....	14

1. INTRODUCCIÓN

O Proxecto Lingüístico do CEIP Plurilingüe Rosalía de Castro, que a continuación se redacta, parte da análise sociolingüística do centro, e o seu fin é o de garantir a competencia plena e en igualdade nas dúas Linguas Oficiais (galego e castelán) e o de acadar a adquisición dun coñecemento efectivo na Lingua Estranxeira (inglés), tendo en conta o marco normativo. Este documento foi aprobado polo Consello Escolar o día 23 de xaneiro do 2024 e ten unha vixencia de catro anos.

2. MARCO LEGAL

Este documento baséase na normativa vixente:

- ✦ Lei Orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006 de Educación.
- ✦ Lei 3/1983, do 15 de xuño, de Normalización Lingüística.
- ✦ Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o Plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia.
- ✦ Decreto 150/2022, do 8 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da Educación Infantil na Comunidade Autónoma de Galicia.
- ✦ Decreto 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da Educación Primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.

3. O CONTEXTO SOCIOLINGÜÍSTICO

3.1. ENTORNO

O CEIP Plurilingüe Rosalía de Castro está emprazado en Carril, localidade situada ao norte do concello de Vilagarcía de Arousa, na provincia de Pontevedra. O alumnado procede de cinco núcleos: Carril, Trabanca Sardiñeira, Bamio, Guillán e Vilagarcía.

Atopámonos nun entorno rural-urbano, sendo a localidade de Carril e os barrios de Vilagarcía tipicamente urbanos, a localidade de Trabanca Sardiñeira é unha zona intermedia entre o urbano e o rural, e as localidades de Bamio e Guillán tipicamente rurais. Cómpre

subliñar que en Bamio, hai un pequeno polígono industrial.

3.2. CENTRO EDUCATIVO

No CEIP Plurilingüe Rosalía de Castro, cúrsase o segundo ciclo de Educación Infantil e toda a etapa de Educación Primaria.

Ao centro están adscritas dúas escolas de Educación Infantil, unha en Bamio e outra en Guillán; o que supón que na actualidade haxa unha liña de Infantil (aínda que ao longo deste curso realicemos un desdobre nun dos niveis) e dúas liñas en Primaria. Así mesmo, o noso centro está adscrito ao IES O Carril, situado na mesma localidade.

O centro conta cos servizos complementarios de transporte, comedor e Plan Madruga.

3.3. FAMILIAS

En Carril, a fonte de ingresos de moitas das familias é o marisqueo, consistente na explotación de pequenos viveiros onde se cultivan moluscos.

En Trabanca, Guillán, Bamio e Vilagarcía, a industria e os servizos ocupan a maioría da poboación. Nos tres primeiros núcleos de poboación, a agricultura é só un complemento na alimentación familiar, e non se practica co fin de obter ingresos.

O nivel socio-cultural das familias do noso alumnado, en xeral é un nivel medio-baixo, pero como se acaba de describir trátase dun grupo heteroxéneo que en particular depende moito da actividade profesional de cada familia.

Destacar que no centro, hai matriculado alumnado de minorías étnicas con poucos recursos económicos, alumnado de orixe estranxeiro, de vivendas sociais, familias que perciben o RISGA...

3.4. ALUMNADO

A maioría do alumnado é monolingüe en castelán.

Hai unha porcentaxe de alumnado estranxeiro, principalmente suramericano, de orixe marroquí e de orixe chinés, que presentan dificultades coa lingua castelá e en consecuencia,

maiores dificultades coa lingua galega.

Cada ano está aumentando o alumnado procedente de minorías étnicas e de orixe estranxeiro, que habitualmente amosan dificultades na área da Linguaxe.

3.5. SITUACIÓN SOCIOLINGÜÍSTICA

O estudo da situación sociolingüística está baseado nos resultados da pregunta sobre a lingua materna que se lle fai ás familias, cando comeza a escolarización dos seus fillos/as en 4º de EI, ou cando se incorporan ao noso centro no momento de realizar a matrícula.

A continuación sinálase a porcentaxe da lingua materna e de uso preferente do alumnado matriculado neste curso 2023/2024:

- * **4º EI:**
 - 57,14% castelán falante.
 - 28,57% galego falante.
 - 7,14% emprega as dúas linguas.
 - 7,14% outras linguas (Portugués).
- * **5º EI:**
 - 55% castelán falante.
 - 10% galego falante.
 - 15% emprega as dúas linguas.
 - 20% outras linguas (Portugués, Árabe marroquí).
- * **6º EI:**
 - 85,71% castelán falante.
 - 7,14% galego falante.
 - 7,14 emprega as dúas linguas.
- * **1º A EP:**
 - 68,75% castelán falante.
 - 25% galego falante.
 - 6,25% emprega as dúas linguas.
- * **1º B EP:**
 - 77,77% castelán falante.
 - 5,55% galego falante.
 - 11,11% emprega as dúas linguas.
 - 5,55% outras linguas (Portugués).
- * **2º A EP:**
 - 86,66% castelán falante.
 - 6,66% galego falante.
 - 6,66% outras linguas (Portugués).
- * **2º B EP:**

- 92,30% castelán falante.
- 7,69% galego falante.
- * **3º A EP:**
- 81,25 % castelán falante.
- 18,75% emprega as dúas linguas.
- * **3º B EP:**
- 90,90% castelán falante.
- 9,09% emprega as dúas linguas.
- * **4º A EP:**
- 68,42% castelán falante.
- 15,78% galego falante.
- 15,78% emprega as dúas linguas.
- * **4º B EP:**
- 80% castelán falante.
- 15% emprega as dúas linguas.
- 5% outras linguas (Marroquí).
- * **5º A EP:**
- 73,33% castelán falante.
- 20% galego falante.
- 6,66% emprega as dúas linguas.
- * **5º B EP:**
- 83,33% castelán falante.
- 5,55% emprega as dúas linguas.
- 11,11% outras linguas (Inglés e Suízo alemán).
- * **6º A EP:**
- 68,75% castelán falante.
- 6,25% galego falante.
- 18,75% emprega as dúas linguas.
- 6,25% outras linguas (Portugués).
- * **6º B EP:**
- 86,66% castelán falante.
- 6,66% emprega as dúas linguas.
- 6,66% outras linguas (Romanés).

4. OBXECTIVOS

- ★ Potenciar a valoración positiva do uso da lingua galega por parte de toda a comunidade educativa.
- ★ Continuar promovendo o uso do galego, en todos os documentos oficiais e nas comunicacións internas e externas.

- ★ Promover a lectura, fala, comprensión e escritura na lingua propia da nosa comunidade.
- ★ Aumentar os fondos en lingua galega (libros, medios audiovisuais e informáticos...)
- ★ Promover o coñecemento da nosa contorna: medio natural, histórico, xeográfico, artístico...
- ★ Facilitar a asistencia ao colexio, de persoas relevantes da escena pública, que promovan a cultura galega.
- ★ Favorecer a integración do alumnado que non posúa coñecemento suficiente da lingua predominante, atendendo a inmersión lingüística do alumnado inmigrante.
- ★ Valorar a historia e cultura propias así como fomentar o seu coñecemento a través das festividades e conmemoracións que imos realizando ao longo do curso escolar: o Samaín, o Magosto, o Nadal, o Entroido, o Día de Rosalía de Castro, as Letras Galegas....
- ★ Manter informada á comunidade educativa, de acontecementos vinculados coa cultura galega a través da páxina web do centro, as redes sociais e a Aula Virtual.
- ★ Informar e implicar ás familias no proceso dinamizador e normalizador.
- ★ Promover a mellora das competencias da comprensión e expresión oral e escrita, na lingua estranxeira do noso centro: o inglés.

5. ACTIVIDADES

Ao inicio de cada curso, na Programación Xeral Anual, inclúese o apartado do Equipo de Dinamización da Lingua Galega, onde se contemplan as actividades deseñadas para o curso. Esta programación terá sempre en conta os obxectivos deste Proxecto Lingüístico, a lingua predominante do alumnado de nova matrícula e os cambios (se os houbese) aprobados polo centro, e autorizados pola Consellería, cando haxa unha modificación na impartición de materias e a lingua vinculante.

Para a consecución dos obxectivos deste proxecto, deséñanse as seguintes actividades:

- ★ Uso da lingua galega nas comunicacións internas: reunións, actas, rotulacións, exposicións... e nas comunicacións externas: escritos, circulares, xestións administrativas, publicacións na páxina web e redes sociais.

- ★ Divulgación entre o profesorado, da normativa vixente e da súa actualización, con respecto ao plurilingüismo no ensino.
- ★ Realización de investigacións sobre historia, lendas e patrimonio etnográfico e cultural da nosa contorna.
- ★ Información ao profesorado, sobre lugares de interese do noso entorno máis próximo e programación das súas visitas.
- ★ Pequenas rutas de sendeirismo por lugares próximos ao centro: Illa de Cortegada, Fontefría, Xiabre,...
- ★ Visitas didácticas pola contorna atendendo ao interese paisaxístico, histórico, etnográfico e cultural: San Roque, viveiros, Estación-museo do Ferrocarril...
- ★ Actividades de expresión oral e escrita en colaboración co Equipo de Dinamización de Biblioteca: contacontos, club de lectura, apadriñamentos lectores...
- ★ Visita de ilustradores/as, escritores/as, músicos, pintores/as... En colaboración cos outros equipos de dinamización do centro.
- ★ Publicacións dos traballos do alumnado a través da páxina web do centro e as redes sociais.
- ★ Asistencia a concertos e obras de teatro que promocionen o uso do galego: Auditorio de Vilagarcía, Auditorio de Galicia en Santiago, Pazo da Cultura de Pontevedra...
- ★ Merca de fondos para a Biblioteca para o alumnado: dicionarios bilingües, de sinónimos ou de ortografía en galego.
- ★ Celebración das festas tradicionais populares, co obxectivo de dar a coñecer o noso pasado e as nosas costumes.
- ★ Recompilación de cantigas, lendas, ditos, refráns...
- ★ Posta en valor da obra literaria de figuras representativas da nosa cultura, como Rosalía de Castro na conmemoración do seu día (23 de febreiro) ou do/da autor/a homenaxeado/a nas Letras Galegas de cada ano.
- ★ Continuación co deseño de actividades coordinadas entre o profesorado do Equipo Plurilingüe do centro: as dúas mestras de Inglés, a mestra de Música de Educación Primaria (materia que se imparte en Inglés en Primaria) e as mestras de Ed. Plástica e Visual (materia que se imparte en Inglés só no terceiro ciclo actualmente) así como a

Auxiliar de Conversa (en caso de ser concedida).

- ★ Proxectos e Programas en Lingua Estranxeira: O curso 2022/23 leváronse a cabo o programa de inmersión lingüística en lingua inglesa, a través de actividades dixitais, “Digital Week” (dirixido ó alumnado de 6º de Educación Primaria) e un Intercambio en liña do alumnado de 6º de Educación Primaria, co alumnado dun centro educativo de Estados Unidos, “Edu-Exchange”.

6. RECURSOS HUMANOS E MATERIAIS

6.1. RECURSOS HUMANOS

- Profesorado
- Persoal non docente
- Colaboracións con:
 - ANPA
 - Concello de Vilagarcía (Concellerías de Educación, Cultura e Deportes e Servizo de Dinamización Lingüística)
 - Dirección Xeral de Política Lingüística.
 - Outros centros educativos e outros equipos de dinamización da lingua galega da zona.

6.2. RECURSOS MATERIAIS

- Biblioteca escolar
- Aula de informática
- Xogos populares
- Paneis expositivos nas aulas e murais nos corredores, con creacións elaboradas polo alumnado.
- Material aportado por distintas institucións, sobre dinamización e normalización lingüística, promoción da lingua e a cultura galega, imaxes e información da nosa contorna...

7. LINGUAS QUE SE DEBEN EMPREGAR NAS ÁREAS

Para favorecer a garantía de adquisición dunha competencia en igualdade nas dúas linguas oficiais de Galicia (galego e castelán), así como a adquisición dun coñecemento efectivo en lingua estranxeira (inglés), a continuación se explica o uso das linguas nas dúas etapas educativas que se imparten neste centro.

7.1. EDUCACIÓN INFANTIL

A lingua materna predominante do noso alumnado, é determinada polo centro educativo, a partires do resultado da análise da pregunta que se efectúa no momento da matrícula de 4º EI aos pais/nais/titores legais sobre a lingua materna do seu fillo/a.

- ✓ O profesorado usará a lingua materna predominante entre o alumnado, no noso caso, o castelán.
- ✓ A segunda lingua oficial, o galego, será introducido inicialmente no plano oral como paso previo antes de iniciar a escrita, respectando os límites da etapa.
- ✓ Será introducido paulatinamente a través de actividades como:
 - Xogos interactivos lingüísticos: adiviñas, cancións, retahílas, pareados e rimas sinxelas, sortes para os xogos, responder ou rematar frases...
 - Imaxes: asociar palabras a imaxes, clasificar imaxes por vocabulario temático, explicar accións...
 - Contos: contar eles mesmos o conto, escoitar o conto contado por un compañeiro maior e por un adulto, modificar o final do conto, inventar un conto novo...
 - Dramatizacións: interpretación de diferentes roles, xogos de disfraces, uso de monicreques...
- ✓ A lingua estranxeira, Inglés, é introducida nesta etapa de xeito oral, a través de actividades como:
 - Audicións

-Imaxes e tarxetas de vocabulario temático: cores, familia, partes da casa, estancias do colexio, animais, meteoroloxía e días da semana.

-Cancións

-Xogos

-Saúdos

-Peticións...

7.2. EDUCACIÓN PRIMARIA

En cada nivel de Educación Primaria, garantirase a adquisición da competencia lingüística nas dúas linguas oficiais de Galicia. Segundo a normativa vixente, Decreto 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da Educación Primaria na Comunidade Autónoma de Galicia, impartiranse no idioma de referencia:

- Lingua Castelá e Literatura: Castelán.
- Lingua Galega e Literatura: Galego.
- Matemáticas: Castelán.
- Lingua estranxeira: Inglés.
- Ciencias da Natureza: Galego.
- Ciencias Sociais: Galego.
- Educación Física: Castelán.
- Educación Plástica e Visual: Castelán, excepto en 5º e 6º de Educación Primaria en Inglés.
- Música e Danza: Inglés.
- Relixión/Proxecto competencial: Galego.
- Educación en Valores Cívicos e Éticos, en 6º de Educación Primaria: Galego.

O alumnado deberá empregar, con carácter xeral, a lingua en que se imparte cada área, materia ou módulo. Nas materias non lingüísticas, o profesorado procurará que a avaliación do dominio de lingua que teña o alumnado, respecte as súas circunstancias persoais e que se oriente cara á adquisición en igualdade das dúas linguas oficiais.

A avaliación realizarase de conformidade ós criterios do correspondente currículo, polo

que non poderán prevalecer os criterios de competencia lingüística no idioma vehicular, sobre os coñecementos específicos en cada materia.

No seguinte cadro, queda reflectido o horario semanal das linguas impartidas en cada nivel educativo:

MATERIAS	NIVEIS EDUCATIVOS					
	1º	2º	3º	4º	5º	6º
Lingua Galega e literatura (Galego)	4	4	4	4	4	4
Lingua Castelá e literatura (Castelán)	4	4	4	4	4	4
Matemáticas (Castelán)	5	5	4	4	4	4
Ciencias Sociais (Galego)	2	3	2	3	2	2
Ciencias da Natureza (Galego)	3	2	3	2	3	2
Lingua estranxeira - Inglés	2	2	3	3	3	3
Educación física (Castelán)	2	2	2	2	2	2
Relixión /Proxecto competencial (Galego)	1	1	1	1	1	1
Educación en Valores Cívicos e Éticos (Galego)	0	0	0	0	0	1
Educación Plástica (Castelán excepto 5º e 6º en Inglés)	1	1	1	1	1	1
Música e Danza (Inglés)	1	1	1	1	1	1
Nº SESIÓN SEMANAIS -GALEGO	10	11	10	10	10	10
Nº SESIÓN SEMANAIS -CASTELÁN	12	12	11	11	10	10
Nº SESIÓN SEMANAIS -INGLÉS	3	3	4	4	5	5

8. LINGUAS QUE SE DEBEN EMPREGAR NAS PROGRAMACIÓNS

As programación e outros documentos didácticos das materias de lingua redactaranse, con carácter xeral, na lingua respectiva.

Sen prexuízo do anterior, as programación das materiais que se imparten en inglés, deberán estar redactadas nunha das dúas linguas cooficiais, co fin de garantir a mellor comprensión a calquera membro da comunidade educativa que as requiran.

9. MEDIDAS DE APOIO E REFORZO PARA O CORRECTO USO LINGÜÍSTICO E PARA O ALUMNADO CON INSUFICIENTE DOMINIO DAS LINGUAS

O presente apartado abrangue aquelas medidas de carácter organizativo e curricular que sexa preciso desenvolver, no caso de alumnos/as que presenten un déficit lingüístico ou insuficiente dominio das linguas:

- ❖ O primeiro paso, é a detección de necesidades por parte do/a mestre/a titor/a, que a partires da avaliación inicial e continua, identificará as necesidades existentes e aplicará as medidas preventivas e de axuste ordinario ao seu alcance.
- ❖ Cando a valoración de necesidades desborde as posibilidades do/a titor/a, este recorrerá ao Departamento de Orientación, que levará a cabo a preceptiva avaliación psicopedagóxica.
- ❖ A partires da detección e valoración inicial das necesidades, organizaranse os apoios e estableceranse as medidas pertinentes, ordinarias (na aula por parte dos mestres con dispoñibilidade horaria) ou extraordinarias (por parte das mestras de Pedagogía Terapéutica e/ou Audición e Linguaxe).
- ❖ No caso de alumnado que se incorpora ao sistema educativo galego, que esta incorporación se produza no 3º ciclo de Educación Primaria, poderá obter unha exención temporal da cualificación das probas de avaliación da materia de lingua galega, durante un máximo de dous cursos escolares consecutivos e previa solicitude por parte da familia

10. AVALIACIÓN

Segundo o Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo, a avaliación do Proxecto Lingüístico do Centro debe ser aprobado e avaliado polo Consello Escolar.

Previamente á súa aprobación, deberase informar á Comisión de Coordinación Pedagóxica (CCP) da elaboración deste proxecto, e deberase enviar a todos os membros do

Claustro, atendendo ás súas alegacións, sempre que sexan posibles.

Este proxecto remitirase cada catro cursos escolares, ao servizo de Inspección Educativa e anualmente, elaborárase unha Addenda do Proxecto Lingüístico na cal conste:

- ❖ Os resultados en Educación Infantil, da pregunta aos pais, nais, titores/as ou representantes legais do alumnado, para obter información respecto da lingua materna predominante entre o alumnado, así como as actividades e estratexias de aprendizaxe para que o alumnado adquira de forma oral e escrita, o coñecemento das linguas oficiais.
- ❖ Información e valoración dos programas e actividades, para o fomento e dinamización da lingua galega realizados polo centro educativo no curso anterior, e información do que se vai desenvolver no seguinte curso.
- ❖ Sé é o caso, de que haxa unha modificación na impartición de materias en lingua(s) estranxeira(s), informárase sobre os cambios aprobados polo centro e autorizados pola Consellería competente en materia de educación.

11. ANEXOS

A continuación, achégase o Cuestionario para as familias do alumnado de nova matrícula que se incorpora ao noso colexio en 4º de Educación Infantil, tanto en lingua galega como lingua castelá, así como para aquel alumnado que se matricule noutro nivel educativo, por traslado de centro.

CUESTIONARIO PARA AS FAMILIAS DO ALUMNADO DE EDUCACIÓN INFANTIL

Don/Dona como pai, nai, titor ou titora legal do/a alumno/a, matriculado/a no curso de Educación Infantil, responde á seguinte cuestión:

¿Cal é a lingua materna do seu fillo ou filla?

_____ Galego

_____ Castelán

Asinado: _____

En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal, infórmoo/a de que os datos persoais recollidos nesta solicitude, se incorporarán a un ficheiro, para o seu tratamento, coa finalidade da xestión deste procedemento. Vostede pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos na lei, mediante un escrito dirixido á Secretaría Xeral desta Consellería como responsable do ficheiro.

CUESTIONARIO PARA LAS FAMILIAS DEL ALUMNADO DE EDUCACIÓN INFANTIL

Don/Doña como padre, madre, tutor o tutora legal del alumno/a, matriculado/a en el curso de Educación Infantil, responde a la siguiente cuestión:

¿Cuál es la lengua materna de su hijo o hija?

_____ Gallego

_____ Castellano

Firmado: _____

En cumplimiento de lo dispuesto en el artículo 5 de la Ley orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter personal, le informo de que los datos personales recogidos en esta solicitud, se incorporarán a un fichero, para su tratamiento, con la finalidad de la gestión de este procedimiento. Usted puede ejercer los derechos de acceso, rectificación, cancelación y oposición previstos en la ley, mediante un escrito dirigido a la Secretaría Xeral de esta Consellería como responsable del ficheiro.